

TRINITY

O colexio da Asunción é centro examinador de Trinity dende hai máis de 10 anos. Isto significa que calquer persoa interesada pode matricularse aquí e acudir ao exame que ten lugar todos os anos no mes de xuño.

Existen 12 grados divididos en seis niveis de dificultade dende o elemental ata o avanzado, e ditos niveis, denominados A1, A2, B1, B2, C1 y C2, foron definidos polo Consello de Europa no seu Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), un proxecto internacional que serve como patrón para medir o nivel de adquisición dunha lingua estranxeira válido para toda Europa.

O exame consiste nunha proba oral cun examinador nativo.

Existe a posibilidade de preparar estes exames ao longo de todo o curso no colexio, con profesorado especializado e con material específico de Trinity. Ata o momento, as experiencias e os resultados obtidos están sendo moi positivos, cunha alta porcentaxe de aprobados.

A preparación consiste principalmente en reforzar a destreza oral do alumnado, tanto comprensiva como expresiva, de forma que sexan capaces de enfrontarse ao exame con confianza e seguridade, comunicándose en inglés dende o máis básico como pode ser un saúdo ata manter una conversa sobre un tema concreto expresando opinións e puntos de vista persoais.